

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

18581 REAL DECRETO 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño. («BOE» 257, do 26-10-2007.)

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, establece a obriga das administracións públicas sanitarias de orientar as súas actuacións prioritariamente á promoción da saúde e á prevención das enfermidades.

A citada lei prevé que as actividades e produtos que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias negativas para a saúde, sexan sometidos ao control das administracións públicas. Unha destas actividades é o uso recreativo da auga, en concreto as zonas de augas de baño naturais.

Por outro lado, o texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, ten como obxecto a regulación do dominio público hidráulico, do uso da auga e do exercicio das competencias atribuídas ao Estado nas materias relacionadas co devandito dominio no marco das competencias delimitadas no artigo 149 da Constitución española.

O Real decreto 734/1988, do 1 de xullo, polo que se establecen normas de calidade das augas de baño, incorporou ao noso ordenamento xurídico a Directiva 76/160/CEE do Consello, do 8 de decembro de 1975, relativa á calidade das augas de baño.

A aprobación da Directiva 2006/7/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de febreiro de 2006, relativa á xestión da calidade das augas de baño e pola que se derroga a Directiva 76/160/CEE, exige a súa incorporación ao dereito interno español mediante a elaboración dunha norma que recolla as novas especificacións de carácter científico e técnico e que posibilite un marco legal máis acorde, tanto coas necesidades actuais coma cos avances e progresos dos últimos anos no que ás augas de baño se refire, establecendo as medidas sanitarias e de control necesarias para a protección da saúde dos bañistas, sendo este o obxecto principal deste real decreto, así como conservar, protexer e mellorar a calidade do ambiente en complemento da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

Así mesmo, a Directiva 2006/7/CE exige unha coordinación estreita co resto da lexislación comunitaria en materia de augas, como a Directiva 91/271/CEE do Consello, do 21 de maio de 1991, sobre o tratamento de augas residuais urbanas, a Directiva 91/676/CEE do Consello, do 12 de decembro de 1991, relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos utilizados na agricultura, e a mencionada Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000.

Dada a importancia que supón o uso das zonas de augas de baño para a saúde humana, faise necesario o establecemento a escala nacional de criterios sanitarios de calidade. Estes criterios aplicaranse ás augas de baño e alí onde non exista unha prohibición expresa de baño ou recomendación de se abster deste de forma permanente.

Por outra banda, fíxanse parámetros e valores paramétricos para cumprir no punto de mostraxe designado pola autoridade sanitaria. Estes valores baséanse principalmente nas recomendacións da Organización Mundial da Saúde e en motivos de saúde pública, aplicando, nalgúns casos, o principio de precaución para asegurar un alto nivel de protección da saúde dos bañistas. Ante incumprimentos dos criterios de calidade que sinala esta

disposición, será necesaria a investigación da causa subxacente e garantir que se apliquen o antes posible as medidas correctoras e preventivas para a protección da saúde dos bañistas.

Ademais, o público deberá recibir información suficiente e oportuna sobre a calidade das zonas de augas de baño, as medidas correctoras e preventivas, así como todos aqueles aspectos que afecten as zonas de augas de baño e que poidan implicar un risco para a saúde dos bañistas.

O Ministerio de Sanidade e Consumo coordina o sistema de información nacional de zonas de augas de baño, cuxa unidade de información é a zona de augas de baño que inclúe a praia e as súas augas de baño, e elabora os informes nacionais anuais destinados á información pública e, en cumprimento coas obrigas comunitarias, á Comisión da Unión Europea.

O carácter técnico da materia regulada neste real decreto fai necesaria a adopción desta disposición regulamentaria, como instrumento normativo idóneo para completar e asegurar o cumprimento da regulación básica aplicable á xestión da calidade das augas de baño.

Na elaboración deste real decreto foron oídos os sectores afectados, consultadas as comunidades autónomas e emitiu informe previo a Axencia Española de Protección de Datos.

Este real decreto dítase ao amparo do disposto no artigo 149.1 da Constitución que reserva para o Estado a exclusiva competencia, na regra 16.^a sobre as bases e a coordinación xeral da sanidade e na regra 23.^a sobre lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas, para establecer normas adicionais de protección.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Sanidade e Consumo e da ministra de Medio Ambiente, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de outubro de 2007,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto:

1. Establecer os criterios sanitarios que deben cumprir as augas de baño, para garantir a súa calidade co fin de protexer a saúde humana dos efectos adversos derivados de calquera tipo de contaminación.
2. Conservar, protexer e mellorar a calidade do ambiente en complemento ao texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.
3. Establecer disposicións mínimas para o control, a clasificación, as medidas de xestión e a subministración de información ao público sobre a calidade das zonas de augas de baño.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta disposición será de aplicación ás augas de baño e á súa praia, tal como se definen no artigo 3.
2. Quedan excluídas do ámbito da aplicación deste real decreto:
 - a) As piscinas de natación e de augas termais de estacións balnearias e de balnearios urbanos.
 - b) As augas confinadas de forma natural ou artificial, suxeitas a un tratamento ou empregadas con fins terapéuticos.

c) As augas confinadas artificialmente e separadas das augas superficiais e das augas subterráneas, agás as piscinas fluviais ou similares.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

a) Augas de baño: calquera elemento de augas superficiais onde se prevea que se poida bañar un número importante de persoas ou exista unha actividade próxima relacionada directamente co baño e en que non exista unha prohibición permanente de baño nin se formulase unha recomendación permanente de se abster deste e onde non exista perigo obxectivo para o público.

b) Augas superficiais, augas subterráneas, augas continentais, augas de transición, augas costeiras, masa de auga superficial, masa de auga artificial, masa de auga moi modificada, bacía hidrográfica e demarcación hidrográfica: aplicaranse a estes termos as definicións que destes se recollen nos artigos 16, 16 bis e 40 bis do texto refundido da Lei de augas aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

c) Autoridade competente:

1.º Autoridade sanitaria: a que teña encomendado, no ámbito de cada comunidade autónoma, o labor de garantir o cumprimento dos requisitos sanitarios deste real decreto.

2.º Órgano ambiental: o órgano que teña encomendado, no ámbito de cada comunidade autónoma, o labor de garantir o cumprimento das competencias ambientais e hidráulicas deste real decreto, e o Ministerio de Medio Ambiente, a través dos organismos de bacía, para demarcacións hidrográficas intercomunitarias.

3.º Autoridade autonómica: a que teña encomendado, no ámbito de cada comunidade autónoma, o labor de garantir o cumprimento das medidas de xestión previstas neste real decreto e que non estean consideradas nos parágrafos 1.º e 2.º

4.º Administración local: a que corresponda, de ser o caso, no ámbito das súas competencias.

d) Contaminación: a presenza de contaminación microbiana ou doutros organismos, residuos ou substancias químicas, que afecten a calidade das augas de baño e entrañen un risco para a saúde dos bañistas, segundo o previsto no anexo I.

e) Contaminación de curta duración: a contaminación microbiana, por *Escherichia coli* ou enterococos intestinais, cuxas causas sexan claramente identificables, e cando se prevea que non vai afectar a calidade das augas de baño por un período superior a 72 horas a partir do primeiro momento en que se detecte a contaminación, se vise afectada a calidade das augas de baño e o órgano ambiental establecese procedementos de predición e xestión para ela.

f) Avaliación da calidade das augas de baño: o proceso de valoración anual da calidade das augas de baño conforme o método de avaliación definido no anexo II.

g) Medidas de xestión: aquelas accións que se realicen para levar a cabo o descrito nos artigos 4, 6, 8, 10, 11, 12 e 13.

h) Número importante de bañistas: número mínimo de usuarios que a autoridade competente considere relevante, tendo en conta, en particular, as pautas pasadas, a existencia de infraestruturas ou instalacións ou de calquera outra medida adoptada co fin de promover o baño.

i) Praia: marxe, beira ou ribeira que rodea as augas de baño continentais ou marítimas, en superficie case plana que teña ou non vexetación, formada pola acción

da auga ou do vento ou por outras causas naturais ou artificiais.

j) Prohibición de baño permanente ou recomendación permanente de se abster do baño: cando a prohibición ou recomendación de carácter temporal teña unha duración, como mínimo, dunha tempada de baño completa.

k) Proliferación de cianobacterias: entenderase por proliferación de cianobacterias unha acumulación de cianobacterias en forma de floracións de algas, cenobios ou escuma.

l) Público interesado: calquera persoa física ou xurídica, así como as súas asociacións, organizacións ou grupos constituídos conforme a normativa que lles sexa de aplicación, segundo sinala a Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.

m) Punto de control ambiental: o lugar designado polo órgano ambiental para efectuar a toma de mostras para o control das causas de contaminación que puidesen afectar as zonas de augas de baño, atendendo aos perfís de cada unha delas.

n) Punto de mostraxe: o lugar designado pola autoridade sanitaria para efectuar a toma de mostras para o control da calidade das augas de baño, situado onde se prevea maior presenza de bañistas, tendo en conta o maior risco de contaminación segundo o perfil das augas de baño. Cada auga de baño deberá ter, polo menos, un punto de mostraxe.

ñ) Rexistro de zonas protexidas: rexistro en que se deben declarar as augas de baño e que formará parte do Plan hidrolóxico de bacía, establecido no artigo 99 bis do texto refundido da Lei de augas.

o) Serie de datos sobre calidade das augas de baño: os datos obtidos de conformidade co disposto no artigo 6.

p) Situacións de incidencia: as que se describen a seguir:

1.º Situación anómala: un feito ou unha combinación de feitos que afecten a calidade das augas de baño do lugar de que se trate e cuxa frecuencia previsible non supere unha vez cada catro anos.

2.º Circunstancia excepcional: unha situación inesperada que teña, ou se presuma razoablemente que poida ter, un efecto nocivo na calidade das augas de baño e na saúde dos bañistas.

q) Temporada de baño: o período en que se poida prever a afluencia dun número importante de bañistas.

r) Zona de acceso limitado: territorios onde para chegar ás súas praias exista unha dificultade ou limitación xeográfica especial.

s) Zona de augas de baño: área xeograficamente delimitada dun termo municipal composta por unha praia e as súas augas de baño.

t) Zona protexida: zona declarada como auga de baño segundo o establecido no artigo 99 bis do texto refundido da Lei de augas.

Artigo 4. *Censo de zonas de augas de baño.*

1. A principios de cada ano, a autoridade competente elaborará unha lista provisional de zonas de augas de baño, segundo o definido no artigo 3, alíneas a), h) e n), e comunicará a través do sistema de información nacional previsto no artigo 14.

2. O 20 de marzo de cada ano, como data límite, as autoridades competentes incorporarán o conxunto de información mínima do Censo de zonas de augas de baño, para que o Ministerio de Sanidade e Consumo cumpra co disposto no artigo 14.1.

3. A información, prevista no número anterior, constará polo menos:

a) Da denominación da zona de augas de baño e dos seus puntos de mostraxe, coa localización xeográfica e o código que sinala o sistema de información nacional previsto no artigo 14.

b) Da tempada de baño, da súa duración prevista e do calendario de control para cada un dos puntos de mostraxe.

c) Das situacións especiais, como prohibición ou recomendación de non-baño durante toda a tempada, baixas, altas, cambios de códigos ou de denominacións, respecto á tempada anterior.

d) O perfil de cada unha das zonas de augas de baño, ou a súa actualización ou revisión, segundo o disposto no anexo III deste real decreto.

e) As previsións do Plan hidrolóxico de bacía con relación ao uso das augas sinaladas nos parágrafos anteriores.

f) A información sobre a presenza de infraestruturas ou instalacións que poidan afectar a praia ou as augas de baño.

g) Calquera outra información que a autoridade competente considere oportuna.

4. Considerarase como censo oficial inicial o correspondente á primeira tempada de baño logo da publicación deste real decreto.

5. As altas notificaranse antes do 20 de marzo de cada ano a través do sistema de información que describe o artigo 14 e poderán ser consultadas polas autoridades competentes para os efectos da información e do rexistro de zonas protexidas, ao abeiro do artigo 99 bis do texto refundido da Lei de augas.

6. Toda baixa dunha zona de augas de baño ou dun punto de mostraxe deberá ser xustificada pola autoridade competente coa documentación seguinte:

a) Informe que explique e documente a causa ou causas que motivaron a baixa da auga de baño do censo.

b) Boletíns de análise das dúas últimas tempadas de baño, cos parámetros obrigatorios: *Escherichia coli* e enterococos intestinais.

c) Fotocopia da resolución administrativa ou publicación no diario oficial da comunidade autónoma, de ser o caso.

d) Probas gráficas, como fotografías ou outras, que apoién a xustificación dos motivos de baixa.

Estes documentos deberán ser comunicados a través do sistema de información que sinala o artigo 14, antes do 20 de marzo de cada ano.

7. Unha zona de augas de baño ou un punto de mostraxe poderá ser dado de baixa no censo por algún dos seguintes motivos:

a) Como consecuencia de que se presenten as situacións descritas no artigo 12.4.

b) Por cambios estruturais ou hidrolóxicos no punto de mostraxe ou en toda a zona de baño, que fagan que desapareza fisicamente a praia ou o punto de mostraxe ou que poidan ocasionar problemas de seguranza ao público interesado ou fagan inviable a súa utilización con fins de baño.

c) Cando cambien as circunstancias polas que foi designada como zona de augas de baño.

Artigo 5. *A praia.*

As autoridades competentes deberán garantir que a praia cumpra, ao longo de cada tempada de baño, con

toda aquela lexislación que puidese ser de aplicación e, en concreto, deberán:

a) Manter as debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade das praias.

b) Instalar carteis con información sobre as características da praia e as medidas de seguranza, logo do cumprimento de formalidades previstas na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e no texto refundido da Lei de augas.

c) Vixiar os posibles puntos de vertedura próximos á praia para que non faciliten en ningún momento a contaminación das augas de baño nin supoñan riscos para os usuarios que se atopen nela.

Artigo 6. *Control da calidade das augas de baño.*

1. Nas augas de baño controlaranse analiticamente, polo menos, os parámetros que figuran no anexo I. Mediante inspección visual determinarase a transparencia da auga e se existe contaminación ou presenza de medusas, de residuos alcatranados, de cristal, de plástico, de caucho, de madeira, materias flotantes, substancias tensoactivas, restos orgánicos e calquera outro residuo ou organismo. Así mesmo, controlaranse aqueloutros parámetros que a autoridade competente considere necesarios.

Todos estes controis realizaranse coa frecuencia que describe o anexo IV e as especificacións do anexo V, e os seus resultados utilizaranse para construír a serie de datos sobre calidade das augas de baño.

2. Cando o perfil das augas de baño mostre propensión á proliferación de macroalgas ou de fitoplancto mariño, levaranse a cabo as investigacións e controis necesarios para determinar a súa aceptabilidade e comunicárselle á autoridade sanitaria, que avaliará os riscos para a saúde.

Así mesmo, cando o perfil das augas de baño mostre propensión á proliferación de cianobacterias, levarase a cabo un control axeitado que permita a súa identificación e comunicárselle á autoridade sanitaria, que avaliará os riscos para a saúde.

No caso de que se determine ou presuma a existencia dun risco para a saúde, adoptaranse inmediatamente medidas de xestión axeitadas, incluíndo a información ao público.

3. Na primeira tempada seguinte á entrada en vigor deste real decreto realizaranse os controis conforme o que nel se especifica. A seguir e ao inicio de cada tempada de baño, a autoridade competente establecerá un calendario de control para cada zona de augas de baño, debendo realizar o correspondente control, como moito, aos catro días da data establecida no devandito calendario. Para os efectos da clasificación anual das augas de baño, a tempada finalizará a última fin de semana de novembro.

Artigo 7. *Métodos de análise.*

1. A análise dos parámetros obrigatorios do anexo I deberá ser realizada cos métodos de referencia que sinala o anexo V.

2. Non obstante, o Ministerio de Sanidade e Consumo poderá autorizar o emprego doutros métodos oficiais, logo da comprobación da súa equivalencia mediante exercicios oficiais de equivalencia. Estes métodos alternativos serán comunicados á Comisión da Unión Europea.

Artigo 8. *Actuación ante situacións de contaminación de curta duración e situacións de incidencia.*

1. Cando se produza unha contaminación de curta duración, conforme o definido no artigo 3.e), e mentres

deure a devandita situación, realizaranse tomas de mostras sucesivas en intervalos non maiores de 72 horas, ata que se obteña unha mostra que, conforme o establecido no anexo IV.3.d), se axuste aos valores que se determinasen en función do risco para a saúde, momento en que se pechará á devandita situación.

A autoridade competente comunicarlle ao resto das autoridades competentes a situación de contaminación de curta duración para que se leven a cabo as medidas correctoras necesarias, así como para informar o público interesado desta situación.

2. Cando se produza unha situación anómala, conforme o definido no artigo 3.p).1.º, a autoridade competente comunicará esta incidencia para que se proporcione a correspondente información ao público e, se for necesario, prohibirá temporalmente o baño.

Nesta situación de incidencia, poderase suspender o calendario de control. En canto a devandita situación finalice, o control continuarase o antes posible e seguirase o disposto no número 3 do anexo IV.

No caso de augas continentais, o órgano ambiental informará a autoridade competente cando o caudal das augas de baño sexa inferior ou superior ao caudal do período de retorno de catro anos, para designar a incidencia como situación anómala.

3. Cando se produza unha circunstancia excepcional, conforme o definido no artigo 3.p).2.º, a autoridade competente velará para que se adopten as medidas de xestión necesarias e axeitadas e informará inmediatamente a autoridade sanitaria co fin de que avalíe o risco para a saúde dos bañistas.

4. Cando unha situación anómala ou unha circunstancia excepcional provoque, ou se presuma razoablemente que puiden provocar algún efecto nocivo na calidade das augas e na saúde dos bañistas, á parte das medidas de xestión sinaladas no número anterior, deberase proporcionar a oportuna información ao público e, se for preciso, poderase establecer unha prohibición temporal do baño.

Artigo 9. *Prohibicións de baño ou recomendación de se abster do baño.*

As autoridades competentes poderán prohibir ou realizar unha recomendación de se abster temporalmente do baño, nos seguintes supostos:

a) Por razóns de protección da saúde dos bañistas como consecuencia dunha sospeita ou detección dunha calidade sanitaria deficiente das augas de baño.

b) Cando na praia ou nas augas de baño se incumpran os requisitos de calidade deste real decreto.

c) Como consecuencia da existencia de manifesta perigosidade ou impracticabilidade para o uso da zona de augas de baño, de obras de acondicionamento da praia ou por imposibilidade do seu mantemento segundo o previsto no artigo 5, alíneas a), b) e c).

d) Como consecuencia de necesidades de protección ambiental reguladas pola normativa vixente.

Artigo 10. *Perfil das augas de baño.*

1. A partir do inicio da tempada de baño seguinte á entrada en vigor deste real decreto, o órgano ambiental establecerá un perfil das augas de baño, conforme o disposto no anexo III. Cada perfil poderá abranguer unha soa ou varias zonas de augas de baño sempre que sexan contiguas.

Estes perfís revisaranse cada ano antes do comezo da tempada e actualizaranse de acordo co contido do citado anexo.

2. Ao establecer, revisar e actualizar os perfís das zonas de augas de baño, teranse en conta, de forma axeitada, os datos obtidos como consecuencia dos controis e das avaliacións realizados de acordo co que establece o texto refundido da Lei de augas aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, así como os controis que realiza nas augas de baño a autoridade competente.

3. A autoridade competente garantirá que os perfís de cada unha das zonas de augas de baño se determinen por primeira vez ao inicio da tempada correspondente ao ano 2009.

Artigo 11. *Avaliación anual da calidade das augas de baño.*

1. A autoridade sanitaria garantirá que se recompilen series de datos sobre calidade das augas de baño mediante o control dos parámetros obrigatorios que figuran no anexo I.

2. A autoridade sanitaria procederá a unha avaliación anual da calidade das augas de baño:

a) Para cada un dos puntos de mostraxe das augas de baño.

b) Logo da finalización da tempada de baño.

c) En función da serie de datos sobre calidade das augas de baño recompilados en relación coa tempada de baño considerada e as tres tempadas anteriores.

d) De conformidade co procedemento descrito no anexo II.

3. A serie de datos sobre augas de baño utilizada para a avaliación da calidade constará sempre de polo menos 16 mostras, ou 12 mostras nos casos especiais previstos no anexo IV, alíneas b) e c) do número 3.

4. A serie inicial de datos sobre as augas de baño será a que corresponde á primeira tempada de baño tras a entrada en vigor deste real decreto. A primeira avaliación realizarase cos datos de polo menos catro tempadas.

Artigo 12. *Clasificación anual e estado da calidade das augas de baño.*

1. A raíz da avaliación da calidade das augas, clasifícaranse anualmente as augas de baño para un período non menor a unha tempada completa, de acordo co anexo II, como de calidade:

a) «Insuficiente».

b) «Suficiente».

c) «Boa».

d) «Excelente».

2. As autoridades competentes aplicarán as medidas necesarias para que, a finais da tempada de baño do ano 2015, todas as augas de baño sexan polo menos de calidade «suficiente». Adoptaranse as medidas realistas e proporcionadas que se consideren axeitadas para aumentar o número de augas de baño clasificadas como de calidade «excelente» ou «boa».

3. Porén, as augas de baño poderanse clasificar temporalmente como de calidade «insuficiente» e, malia iso, seguir estando en conformidade con este real decreto. Nese caso, a autoridade competente velará para que, nos supostos de augas de baño clasificadas como de calidade «insuficiente», se adopten as seguintes medidas con efectos a partir da tempada de baño que siga á súa clasificación:

a) Medidas de xestión axeitadas, que incluírán a prohibición do baño ou a recomendación de se abster deste, para evitar a exposición dos bañistas á contaminación.

b) Determinación das causas e motivos polos que non alcanzan o estado de calidade «suficiente».

c) Medidas adecuadas para previr, reducir ou eliminar as causas de contaminación.

d) Advertencia ao público interesado da calidade insuficiente das augas de baño, das causas da contaminación e das medidas de xestión adoptadas.

Instalarase un sinal sinxelo e claro na praia, con información das causas da contaminación e as medidas adoptadas.

4. Se as augas de baño son clasificadas como de calidade «insuficiente» durante cinco anos consecutivos, a autoridade competente disporá que se dite unha prohibición permanente de baño ou recomendación de se abster deste. Non obstante, poderase ditar así mesmo unha prohibición permanente do baño ou recomendación de se abster deste ao remate do segundo ano con calidade «insuficiente», cando se considere que as medidas necesarias para alcanzar a calidade «suficiente» son inviables ou desproporcionadamente custosas.

Artigo 13. Información ao público.

1. Todas as administracións públicas teñen a obriga de informar, de acordo coa Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

2. Durante a tempada de baño as administracións públicas, no ámbito das súas competencias, difundiránlle ao público interesado, de xeito activo, rápido e a través de mecanismos de doado acceso, a información sobre a calidade das augas de baño e, se for o caso, da praia. Así mesmo, nun lugar de doado acceso nas inmediacións de cada zona de augas de baño facilitarase a seguinte información:

a) Censo das zonas de augas de baño e descrición xeral das augas de baño e a súa praia, con indicación das características e dotacións de infraestruturas da praia en linguaxe clara que non teña carácter técnico.

b) Clasificación vixente das augas de baño, así como calquera prohibición de baño ou recomendación de se abster deste, mediante un sinal ou símbolo sinxelo e claro.

c) Calidade das augas de baño durante a tempada, baseada nos resultados da inspección visual da praia e da auga e nos resultados analíticos dos parámetros obrigatorios.

d) No caso das augas de baño expostas á contaminación de curta duración:

1.º A notificación de que as augas de baño están expostas á contaminación de curta duración.

2.º A indicación do número de días en que se prohibiu o baño ou se recomendou absterse deste durante a tempada de baño precedente debido á devandita contaminación.

3.º Un aviso cando a devandita contaminación se prevexa ou cando estea presente.

e) Información sobre a natureza e a duración prevista das situacións de incidencia.

f) Sempre que se prohiba o baño ou se recomende absterse deste, unha advertencia na cal se informe o público interesado e se indiquen os motivos.

g) Cando exista unha prohibición permanente de baño ou unha recomendación de absterse deste, información de que as augas da zona afectada deixaron de se considerar augas de baño, indicando os motivos.

h) Unha indicación de fontes para obter información máis completa.

3. As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, recorrerán aos medios e ás tecnoloxías axeitadas, incluída a internet, para difundir de forma activa e sen demora a información sobre as augas de baño a que se refire o número 2, incluíndo en varias linguas, de ser o caso, polo menos a seguinte información:

a) Censo das zonas de augas de baño.

b) Clasificación das augas de baño nos últimos tres anos.

c) Perfil das augas de baño.

d) Resultados dos controis efectuados desde a última clasificación.

e) No caso de augas de calidade insuficiente, información sobre as causas da contaminación e as medidas adoptadas para evitar a exposición dos bañistas á contaminación e atallar as súas causas.

f) No caso de contaminación de curta duración:

1.º Condicións que poden dar lugar a situacións de contaminación de curta duración.

2.º Probabilidade de que se produza a devandita contaminación e duración probable.

3.º Causas da contaminación e medidas adoptadas para evitar a exposición dos bañistas á contaminación e atallar as súas causas.

O censo mencionado na alínea a) estará dispoñible antes do inicio da tempada e os resultados citados na alínea d) estarán dispoñibles na internet no momento da conclusión dos informes analíticos.

4. A información a que se refiren os números 2 e 3 difundirase na internet en canto estea dispoñible, a partir do inicio da quinta tempada de baño despois da entrada en vigor deste real decreto.

5. Sempre que sexa posible, as administracións públicas facilitaránlle ao público información baseada en tecnoloxías xeorreferenciais e presentarana de forma clara e coherente, en particular co emprego de signos e símbolos.

Artigo 14. Intercambio de información e sistema de información nacional de augas de baño.

1. Antes do 30 de marzo de cada ano, o Ministerio de Sanidade e Consumo notificaralle á Comisión Europea o censo anual de todas as augas de baño do territorio nacional para a tempada que se inicia, coa indicación do motivo de calquera cambio que se puider introducir con respecto ao censo que se notificara o ano anterior.

2. Así mesmo, cos datos recollidos durante a tempada de baño no sistema de información nacional que se crea no número 4 deste artigo, o Ministerio de Sanidade e Consumo elaborará un informe nacional de síntese que lle remitirá á Comisión Europea antes do 31 de decembro de cada ano, en cumprimento da normativa comunitaria.

3. Para os efectos de poderlle dar cumprimento á obrigada notificación á Comisión Europea, a autoridade competente notificaralle ao Ministerio de Sanidade e Consumo toda suspensión do calendario de control, indicará os motivos e a documentación gráfica adecuada, a través do sistema de información establecido no número seguinte.

4. Para facilitar o cumprimento das obrigas mencionadas nos números anteriores, o Ministerio de Sanidade e Consumo establecerá e coordinará un sistema de información de augas de baño, denominado «Náyade», desenvolvido mediante unha aplicación informática a través da internet, que lle dará soporte.

A unidade de información dese sistema é a zona de augas de baño e o seu uso será obrigatorio para toda persoa ou entidade pública ou privada que realice o control da calidade das augas de baño ou xestione as augas de baño.

As características principais do sistema de información describíense no anexo VI.

Artigo 15. *Participación do público.*

As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, aplicarán o disposto no artigo 16 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente. En particular, proporcionarase a información necesaria para que o público interesado coñeza o proceso de participación e adoptaranse as medidas oportunas para que poidan realizar suxestións, observacións ou queixas sobre a materia regulada neste real decreto. En especial, aplicaranse estas previsións en relación co Censo anual das zonas de augas de baño.

Disposición adicional primeira. *Métodos de análise.*

1. Os laboratorios que controlen os parámetros do anexo I deberán ter ao comezo da primeira tempada de baño despois da entrada en vigor deste real decreto:

a) Os métodos de análise referidos no anexo V instaurados nos seus laboratorios.

b) Os métodos de referencia do anexo V validados, verificando a súa exactitude e precisión e calculando o límite de cuantificación e de detección.

2. Os laboratorios deberán contar coa acreditación para os métodos de referencia utilizados nos parámetros obrigatorios, expedida por unha entidade oficial de acreditación, pertencente a algún dos Estados membros da Unión Europea, que garanta o cumprimento dos requisitos establecidos nas normas da serie a que pertence a UNE-EN ISO/IEC 17025, ou a que no futuro a substitúa, que sexa de aplicación, en función do seu ámbito de actuación, para o inicio da tempada do ano 2010.

Disposición adicional segunda. *Responsabilidade comunitaria.*

No ámbito deste real decreto resultará de aplicación o preceptuado sobre responsabilidade comunitaria no artigo 121 bis do texto refundido da Lei de augas, aprobado por Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

Disposición adicional terceira. *Cidades con estatuto de autonomía.*

As referencias feitas aos órganos ou autoridades competentes das comunidades autónomas entenderanse feitas tamén ás cidades con estatuto de autonomía, co alcance previsto nos seus respectivos estatutos de autonomía e reais decretos de traspaso de competencias.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e, en particular, o Real decreto 734/1988, do 1 de xullo, polo que se establecen normas de calidade das augas de baño.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2006/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de febreiro de 2006, relativa á xestión da calidade das augas de baño e pola que se derroga a Directiva 76/160/CEE.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltanse os ministros de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente para modificar os anexos deste real decreto, segundo os avances dos coñecementos científicos e técnicos, e adaptalos ás modificacións introducidas pola normativa comunitaria.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao amparo do disposto nas regras 16.^a e 23.^a do artigo 149.1 da Constitución, que reservan para o Estado, respectivamente, a competencia sobre as bases e a coordinación xeral da sanidade e sobre a lexislación básica de protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO I

Parámetros obrigatorios e valores para a avaliación anual

Auga continental

		Calidade			Unidade
		Suficiente **	Boa *	Excelente *	
01	Enterococos intestinais.	330	400	200	UFC ou NMP/100 ml.
02	Escherichia coli.	900	1.000	500	UFC ou NMP/100 ml.

Auga costeira e de transición

		Calidade			Unidade
		Suficiente **	Boa *	Excelente *	
01	Enterococos intestinais.	185	200	100	UFC ou NMP/100 ml.
02	Escherichia coli	500	500	250	UFC ou NMP/100 ml.

* Conforme a avaliación do percentil 95. Véxase o anexo II.

** Conforme a avaliación do percentil 90. Véxase o anexo II.

ANEXO II

Avaliación e clasificación das augas de baño

1. Calidade insuficiente: as augas de baño clasifícanse como de calidade «insuficiente» cando, na serie de datos sobre calidade das augas de baño correspondentes ao último período de avaliación (a), os valores do percentil (b) das enumeracións microbiolóxicas sexan peores (c) que os valores de «calidade suficiente» que figuran no anexo I.

2. Calidade suficiente: as augas de baño clasifícanse como de calidade «suficiente»:

1) Cando, na serie de datos sobre calidade das augas de baño correspondentes ao último período de avaliación, os valores do percentil das enumeracións microbiolóxicas sexan iguais ou mellores (d) ca os valores de «calidade suficiente» que figuran no anexo I, e

2) Cando as augas de baño estean expostas á contaminación de curta duración, a condición de que:

- i. Se adopten medidas adecuadas de xestión, incluídas a vixilancia, os sistemas de alerta rápida e controis para evitar a exposición dos bañistas mediante unha advertencia ou, cando for necesaria, unha prohibición de baño,
- ii. Se adopten medidas adecuadas de xestión para previr, reducir ou eliminar as causas de contaminación, e
- iii. Se cumpra co sinalado no anexo IV. 3.d) 1.º

3. Calidade boa: as augas de baño clasifícanse como de calidade «boa»:

1) Cando, na serie de datos sobre calidade das augas de baño correspondentes ao último período de avaliación, os valores do percentil das enumeracións microbiolóxicas sexan iguais ou mellores (d) ca os valores de «calidade boa» que figuran no anexo I, e

2) Cando as augas de baño estean expostas á contaminación de curta duración, a condición de que:

- i. Se adopten medidas adecuadas de xestión, incluídas a vixilancia, os sistemas de alerta rápida e controis para evitar a exposición dos bañistas mediante unha advertencia ou, cando for necesaria, unha prohibición de baño,
- ii. Se adopten medidas axeitadas de xestión para previr, reducir ou eliminar as causas de contaminación, e
- iii. Se cumpra co sinalado no anexo IV. 3.d) 1.º

4. Calidade excelente: as augas de baño clasifícanse como de calidade «excelente»:

1) Cando, na serie de datos sobre calidade das augas de baño correspondentes ao último período de avaliación, os valores do percentil das enumeracións microbiolóxicas sexan iguais ou mellores (d) que os valores de «calidade excelente» que figuran no anexo I, e

2) Cando as augas de baño estean expostas á contaminación de curta duración, a condición de que:

- i. Se adopten medidas adecuadas de xestión, incluídas a vixilancia, os sistemas de alerta rápida e controis para evitar a exposición dos bañistas mediante unha advertencia ou, cando for necesaria, unha prohibición de baño,
- ii. Se adopten medidas axeitadas de xestión para previr, reducir ou eliminar as causas de contaminación, e
- iii. Se cumpra co sinalado no anexo IV. 3.d) 1.º

Notas:

(^a) Por «último período de avaliación» enténdense as tres últimas tempadas de baño e a tempada de baño considerada.

(^b) Partindo da avaliación do percentil da función normal de densidade de probabilidade \log_{10} dos datos microbiolóxicos obtidos nunhas augas de baño determinadas, dedúcese o valor do percentil do seguinte xeito:

i) Tómese o valor \log_{10} de todas as enumeracións bacterianas da secuencia de datos avaliada. (De obterse un valor cero, tómese no seu lugar o valor \log_{10} de límite mínimo de detección do método analítico utilizado),

- ii) Calcúlese a media aritmética dos valores \log_{10} (μ),
- iii) Calcúlese a desviación típica dos valores \log_{10} (s).

O punto superior do percentil 90 da función de densidade de probabilidade dos datos dedúcese da seguinte ecuación: punto superior do percentil 90 = $\text{antilog}(\mu + 1,282 s)$.

O punto superior do percentil 95 da función de densidade de probabilidade dos datos dedúcese da seguinte ecuación: punto superior do percentil 95 = $\text{antilog}(\mu + 1,65 s)$.

(^c) «Peor» significa que as súas concentracións expresadas en UFC ou NMP/100 ml son superiores.

(^d) «Mellor» significa que as súas concentracións expresadas en UFC ou NMP/100 ml son inferiores.

ANEXO III

Perfil das augas de baño

1. O perfil das augas de baño a que se refire o artigo 10 consistirá:

a) Nunha descrición das características físicas, xeográficas e hidrolóxicas das augas de baño, así como doutras augas superficiais na demarcación hidrográfica das augas de baño de que se trate, que puidesen ser fonte de contaminación, que sexan pertinentes para os efectos desta disposición e estean consideradas no texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo;

b) Na determinación e avaliación das causas de contaminación que puidesen afectar as augas de baño e a saúde dos bañistas;

c) Nunha avaliación da propensión á proliferación de cianobacterias;

d) Nunha avaliación da propensión á proliferación de medusas, macroalgas ou fitoplancto;

e) No caso de que a avaliación conforme a alínea b) revele un risco de contaminación de curta duración, a seguinte información:

1.º A natureza, frecuencia e duración previsibles da contaminación de curta duración esperada;

2.º Os detalles de calquera causa residual de contaminación, con indicación das medidas de xestión adoptadas e o calendario para a súa eliminación;

3.º As medidas de xestión adoptadas durante unha contaminación de curta duración, así como a identidade e os sinais dos organismos responsables de tales medidas;

f) Na localización do punto de control ambiental e punto de mostraxe.

2. No caso de augas de baño clasificadas como de calidade «boa», «suficiente» ou «insuficiente», o perfil

das augas de baño deberase revisar periodicamente para avaliar se variou algún dos aspectos que figuran no número 1. Se for necesario, deberase actualizar. A frecuencia e o alcance da revisión determinaranse en

función do carácter e a gravidade da contaminación. Non obstante, a revisión deberá abranguer polo menos as disposicións do cadro que figura a seguir e ter lugar polo menos coa frecuencia fixada no devandito cadro.

Clasificación da calidade das augas de baño As revisións deberán ter lugar polo menos cada Aspectos que se deberán revisar (alíneas do número 1)	«Boa» 4 anos a) á f)	«Suficiente» 3 anos a) á f)	«Insuficiente» 2 anos a) á f)
--	----------------------------	-----------------------------------	-------------------------------------

No caso de augas de baño que anteriormente fosen clasificadas como de calidade «excelente», o perfil das augas de baño deberase revisar e, de ser necesario, actualizarse só no caso de que a clasificación cambie pola de calidade «boa», «suficiente» ou «insuficiente». A revisión deberá abranguer todos os aspectos mencionados no número 1.

3. Se se realizaron obras ou cambios importantes nas infraestruturas dunha zona de baño ou nas súas inmediacións, deberase actualizar o perfil das augas de baño antes do inicio da seguinte tempada de baño.

4. Os datos mencionados no número 1, alíneas a) e b), deberanse facilitar nun mapa detallado, sempre que sexa factible.

5. Poderase achegar ou incluír outra información pertinente se as autoridades competentes o consideran oportuno.

ANEXO IV

Frecuencia da mostraxe

1. Mostraxe inicial: en todos os puntos de mostraxe das augas de baño censadas tomarase unha mostra das augas de baño para o seu control, antes do comezo da tempada, de tal xeito que ao seu comezo se informe o público interesado do seu resultado.

2. Control programado: durante toda a tempada de baño tomarán, polo menos, oito mostras. As datas de mostraxe deberanse distribuír ao longo de toda a tempada de baño e o intervalo entre as datas das mostraxes nunca poderá exceder un mes.

3. Casos especiais:

a) Cando a autoridade sanitaria considere que a calidade dunha auga de baño ao longo dunha tempada non leva consigo un risco para a saúde dos bañistas, poderase diminuír a frecuencia de mostraxe ata un mínimo de catro mostras durante a tempada máis a mostraxe inicial. O intervalo entre as datas das mostraxes nunca poderán exceder un mes.

b) Cando a tempada de baño sexa menor ou igual a oito semanas, a mostraxe será de polo menos catro mostras por tempada.

c) Cando as augas de baño se atopen en zonas de acceso limitado, previstas no artigo 3.q), a mostraxe será de polo menos catro mostras por tempada.

d) Cando se producise unha contaminación de curta duración:

1.º Poderase descartar para a serie de datos un número de mostras que non represente máis do 15 por 100 do número total de mostras previstas nos calendarios de control fixados para ese período por punto de mostraxe, ou non máis dunha mostra por cada tempada de baño, tendo sempre en conta o valor máis alto.

2.º Obterase unha mostra adicional para confirmar o final do incidente. Esta mostra non formará parte da serie de datos sobre a calidade das augas de baño.

3.º Se for necesario substituír unha mostra descartada, tomarase unha mostra de substitución antes de que

transcorrese, como máximo, unha semana desde o final da contaminación de curta duración.

e) Cando se presentase unha situación anómala, obteranse novas mostras antes dunha semana tras o final da situación anómala, en substitución das desestimadas con motivo da devandita situación.

ANEXO V

Metodoloxía da mostraxe e análise

1. Toma da mostra: no posible, as mostras tomaranse 30 cm por debaixo da superficie das augas e en augas cuxa profundidade non sexa inferior a 1 m.

2. Recipientes para a mostra de augas de baño:

a) As mostras recolleranse en recipientes esterilizados por calquera dos seguintes procedementos:

1.º Someteranse á esterilización en autoclave durante polo menos 15 minutos a 121° C, ou

2.º Someteranse á esterilización en seco durante polo menos 1 hora cunha temperatura de 160° C a 170° C, ou

3.º Serán recipientes irradiados directamente polo fabricante.

b) O volume do recipiente dependerá da cantidade de auga necesaria para a análise de cada parámetro. O contido mínimo será en xeral de 250 ml.

c) Os recipientes para as mostras deberán ser transparentes e incoloros (de vidro, polietileno ou polipropileno).

d) Co fin de evitar a contaminación accidental da mostra, a persoa que obteña as mostras empregará técnicas asépticas para manter a esterilidade dos recipientes de mostraxe. Non serán necesarios outros equipamentos estériles (como luvas cirúrxicas estériles, pinzas ou varetas) se se procede axeitadamente.

e) A mostra deberase identificar claramente con tinta indeleble na mostra e no formulario da mostra.

3. Almacenamento e transporte das mostras antes da súa análise:

a) As mostras de auga deberán estar protexidas da exposición á luz, especialmente á luz solar directa, en todas as fases do transporte.

b) As mostras deberanse conservar a unha temperatura de aproximadamente 4° C, nunha caixa térmica ou nun refrixerador (dependendo do clima), ata a súa chegada ao laboratorio. Será obrigatorio o transporte nun refrixerador cando sexa probable que o transporte ao laboratorio supere as 4 horas.

c) O lapso de tempo entre a toma de mostras e a súa análise deberá ser o máis curto posible. Aconséllase realizar a análise o mesmo día hábil en que se obteñan as mostras. Se iso non for posible por motivos prácticos, deberanse procesar as mostras nun prazo máximo de 24 horas. Entrementres conservaranse na escuridade e a unha temperatura de 4° C ±3° C.

4. Métodos de análise de referencia: para a determinación do enterococo intestinal os métodos de referencia serán:

UNE EN ISO 7899-1	Detección e recuento de enterococos intestinais.
7899-2	Número máis probable. Por filtración de membrana.

Para a determinación da *Escherichia coli* os métodos de referencia serán:

UNE EN ISO 9308-3	Detección e recuento de <i>Escherichia coli</i> .
9308-1	Número máis probable. Por filtración de membrana.

ANEXO VI

Sistema de información nacional de augas de baño

1. O uso da aplicación do sistema a través da internet implica:

- A autoridade autonómica;
- O órgano ambiental;
- O Ministerio de Sanidade e Consumo e o Ministerio de Medio Ambiente;
- Os laboratorios de control;
- Calquera outro organismo público ou privado que estea relacionado coa xestión das augas de baño;
- A Administración local.

2. A información que recolle o sistema de información nacional de augas de baño é, entre outras, a seguinte:

- Localización xeográfica e administrativa da zona de augas de baño e os seus puntos de mostraxe;
- Laboratorios de control da calidade das augas de baño;
- Datos da mostraxe, da inspección visual e resultados analíticos dos parámetros obrigatorios;
- Características da praia;
- Inspeccións sanitarias;
- Información sobre as situacións de incidencia e contaminación de curta duración;
- Perfís e datos ambientais de cada zona de auga de baño.

3. A información contida no sistema debe ser actualizada puntualmente durante a tempada de baño. Será obrigatorio cumprir, polo menos, os datos que aparecen en cada un dos formularios e para os efectos de poder dar cumprimento aos puntos 1, 2 e 3 do artigo 14 desta normativa. Os organismos titulares da información son responsables da veracidade dos datos cargados polas persoas que designaron como usuarios profesionais da súa entidade.

4. O acceso ao sistema na internet realizarase a través do portal do Ministerio de Sanidade e Consumo. Nese enderezo atoparase, á disposición dos usuarios, o manual do usuario e os procedementos técnicos actualizados, así como outros documentos de interese.

5. Entenderase como acceso profesional o restrinxido para o persoal vinculado profesionalmente ás entidades públicas ou privadas que xestionan as augas de baño, as que vixían a calidade das augas de baño e os laboratorios de control, á Administración sanitaria, ao órgano ambiental, ao Ministerio de Sanidade e Consumo, ao Ministerio de Medio Ambiente, así como a outros organismos públicos con competencias na xestión das augas de baño.

6. Os perfís iniciais de usuarios no acceso profesional serán:

- Administrador da aplicación;
- Administrador autonómico;
- Usuario ministerial;
- Usuario autonómico/provincial/de unidade territorial de sanidade/hidrolóxico;
- Usuario municipal;
- Usuario de laboratorio.

7. Previamente á alta no sistema, as autoridades competentes deberánlle comunicar de forma oficial e por escrito ao Ministerio de Sanidade e Consumo unha lista das persoas dependentes deles, que solicitarán o acceso profesional como administradores autonómicos ou usuarios ministeriais, cos seus nomes, apelidos e documento nacional de identidade (DNI).

De igual xeito, un responsable de cada organismo ou entidade deberálle comunicar, de forma oficial e por escrito, ao administrador autonómico unha lista das persoas dependentes deles, que solicitarán o acceso profesional ao sistema, cos seus nomes, apelidos, DNI, funcións que desempeñarán, perfís de usuario e territorio de actuación.

8. Para se rexistrar como usuario profesional no sistema, requirirase:

- Figurar nalgunha das listas recollidas no punto anterior;
- Ter instalado o certificado dixital persoal, clase 2CA da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, ou calquera outro certificado electrónico admitido polo Ministerio de Sanidade e Consumo, no navegador da internet do ordenador utilizado para se conectar ao sistema;
- Rexistrarse como usuario do sistema, desde a propia aplicación.
- O rexistro como usuario profesional no sistema terá unha validez ilimitada salvo que o responsable do organismo lle comunique a baixa por escrito ao seu administrador. A comunicación da baixa deberá ir acompañada do nome do usuario ao cal se lle debe transferir a titularidade dos datos cargados.

9. O Ministerio de Sanidade e Consumo adoptará en todo momento as medidas de índole técnica e organizativas necesarias, que garantan a seguranza dos datos e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos a que están expostos, xa proveñan da acción humana ou xa do medio físico ou natural.

10. A carga de información de boletíns de análise pódese realizar mediante ficheiros XML. Realízanse as mesmas validacións de datos e de privilexios de usuario que na entrada de información por formulario.

As características funcionais da descarga de información a través de ficheiro XML son: os usuarios poden descargar todos os datos a que teñen acceso e os controis de acceso á información están implícitos na conexión do usuario.

11. No momento do lanzamento do sistema, o Ministerio de Sanidade e Consumo realizará unha carga inicial do novo censo oficial, coa información básica remitida polas comunidades autónomas dos datos de localización das augas de baño, que deberá ser completado por parte das comunidades autónomas.

12. Os boletíns de análise das augas de baño deberán ser cargados cun prazo máximo dunha semana logo da elaboración do informe dos resultados analíticos.

13. O público interesado poderá consultar información xeral sobre calquera zona de baño que estea dada de

alta no sistema, nunha funcionalidade distinta ao acceso profesional e a través do portal do Ministerio de Sanidade e Consumo.

14. O tratamento dos datos de carácter persoal rexe-rase polo disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de de-cembro, de protección de datos de carácter persoal, e as súas disposicións de desenvolvemento.

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

18584 *ORDE SCO/3089/2007, do 19 de outubro, pola que se modifican os anexos III, IV e VI do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos. («BOE» 257, do 26-10-2007.)*

O Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, recompilou nun só texto toda a normativa existente sobre esta materia adaptándoa á lexislación comunitaria, fundamentalmente á Directiva 76/768/CEE do Consello, do 27 de xullo de 1976, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de produtos cosméticos. Con este propósito de adaptación, este real decreto foi modificado posteriormente polo Real decreto 2131/2004, do 29 de outubro, e o Real decreto 209/2005, do 25 de febreiro, e as ordes do 4 de xuño de

1998, do 26 de abril de 1999, do 3 de agosto de 2000 e as ordes SCO/249/2003, SCO/1448/2003, SCO/2592/2004, SCO/3664/2004, SCO/544/2005, SCO/3691/2005, SCO/747/2006, SCO/1730/2006, SCO/3283/2006, SCO/504/2007, SCO/1929/2007 e SCO/2614/2007 modificaron así mesmo os seus anexos.

As directivas 2007/17/CE da Comisión, do 22 de marzo de 2007, pola que se modifica a Directiva 76/768/CEE do Consello sobre produtos cosméticos para adaptar os seus anexos III e VI ao progreso técnico, e 2007/22/CE da Comisión, do 17 de abril de 2007, pola que se modifica a Directiva 76/768/CEE do Consello, relativa aos produtos cosméticos, para adaptar os seus anexos IV e VI ao progreso técnico, requiren a súa incorporación ao ordenamento xurídico interno mediante a transposición que aproba esta disposición, que introduce novos cambios nos anexos do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro.

Esta orde dítase de conformidade co establecido na disposición derradeira primeira do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo primeiro. *Modificación dos anexos III, IV e VI do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos.*

Os anexos III, IV e VI do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, quedan modificados do seguinte modo:

Un. Na primeira parte do anexo III engádense os números de referencia seguintes:

Número de orde	Substancias	Restricións			Condicións de emprego e advertencias que deben figurar obrigatoriamente na etiquetaxe
		Campo de aplicación e/ou uso	Concentración máxima en produto terminado	Outras limitacións e exixencias	
a	b	c	d	e	f
«98	Ácido salicílico. (número CAS 69-72-7). (como conservante, ver anexo VI, 1ª parte, número 3).	a) Produtos para o cabelo que se aclaran. b) Outros produtos.	a) 3,0% b) 2,0%	Non utilizar en produtos destinados a nenos menores de tres anos, excepto en xampús. Con outros fins que non sexan a inhibición do crecemento de microorganismos no produto. A presentación do produto debe pór en evidencia estoutros fins.	Non empregar para os coidados dos nenos menores de tres anos. (Unicamente cando se trate de produtos que se puidesen empregar para coidados de nenos menores de tres anos e que permanezan en contacto prolongado coa pel.)
99	Sulfitos e bisulfitos inorgánicos. (como conservante, ver anexo VI, 1ª parte, número 9).	a) Tinguiduras para o cabelo oxidantes. b) Produtos ali-sadores do cabelo. c) Autobronceadores faciais. d) Outros auto-bronceadores.	a) 0,67% expresado en SO2 libre. b) 6,7% expresado en SO2 libre. c) 0,45% expresado en SO2 libre. d) 0,40% expresado en SO2 libre.	Con outros fins que non sexan a inhibición do crecemento de microorganismos no produto. A presentación do produto debe pór en evidencia estoutros fins.	